

Autora e ilustradora: **ROCÍO MARTÍNEZ**

Tradución: **LAURA ALMAZÁN**

Encadernado en cartón. Mural encartado adxunto.

36 páxinas a toda cor. 22x28 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "A historia do Rainbow Warrior"

ISBN 978-84-8464-671-6


-Castelán: "La historia del Rainbow Warrior"

ISBN 978-84-96388-44-4

-Portugués: "História do Rainbow Warrior"

ISBN 978-972-8781-90-3

Prezo: 15 €



A HISTORIA DO RAINBOW WARRIOR

Dúas baleas nadaban nun mar xeado. A máis pequena lacazaneaba.

Non quería facer unha viaxe que con toda seguridade sería longa.

A máis grande empurrábaa suavemente e cantáballe unha historia:

«Hai anos, cando os homes comezaron a construír barcos de corazón mecánico, un día crearon o primeiro para protexer a nosa especie...»

En 1978 un barco coas cores do arco da vella comezou a sucar os mares e océanos do planeta para denunciar ante a humanidade a caza indiscriminada de baleas e focas, a contaminación provocada polos residuos tóxicos e radioactivos, as explotacións petrolíferas e de gas, o uso de redes mortíferas para especies mariñas indefensas...

Algúns países foron sensibles a esas protestas e aprobaron leis que contribuíron a que o mundo fora máis habitable. Pasaron 21 anos dende que aquel primeiro Rainbow Warrior foi afundido no fondo das augas e convertido en arrecife artificial. Pero a súa réplica actual mantén a súa causa tan vixente como o primeiro día.

A autora e ilustradora Rocío Martínez ideou este libro a partir da recreación dunha escena familiar: o ecoloxista Alberto de la Fuente Galeano contáballe á súa filla a historia do buque, que debe o seu nome a unha profecía dos indios Cree: "Chegará un tempo no que os paxaros caerán do ceo, os animais dos bosques morrerán, o mar ennegrecerá e os ríos correrán envelenados. Nese tempo, homes de todas as razas e poblos uniránse como guerreiros do arco da vella para loitar contra a destrución da Terra".

Greenpeace aprobou a realización da obra e certificou que cumpre cos requisitos do proxecto "Libro Amigo dos Bosques", porque na súa elaboración utilizouse papel fabricado a partir de madeira procedente de plantacións ambientalmente sostibles.

- **Temática:** historia do barco Rainbow Warrior, ecoloxía, educación ambiental, biodiversidade, sustentabilidade
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** contén un MURAL DESPREGABLE coa historia do barco; certificado ecolóxico "LIBRO AMIGO DOS BOSQUES"

Dende o punto de vista estético, Rocío Martínez amosa con este traballo unha evolución cualitativa na súa traxectoria artística, con imaxes de moita plasticidade, cun manexo elegante da cor e unha gran delicadeza de trazos.

ROCÍO MARTÍNEZ (Madrid, 1966)

Licenciada en Belas Artes pola Academia de San Fernando de Madrid, na especialidade de gravado. Dende 1990 adícase profesionalmente á ilustración de libros infantís e xuvenís para editoriais de varios países. Recibiu diversas distincións, como o Premio do X Concurso de Álbum Ilustrado "A la orilla del viento" 2006. Tamén foi seleccionada para a Bienal de Ilustración de Bratislava en 1996 e para a Feira do Libro Infantil de Bolonia en 1997 e 2001. Obtivo en 1999 e 2001 senllos accésit do Premio Lazarillo de Ilustración. É a autora e ilustradora do álbum titulado "Gato Guille e os monstros"; tamén ilustrou "O monstro de Ricardo", publicados ambos por KALANDRAKA.

